


**Carvalho Calero:**  
**por um Galego útil, rendível,**  
**económico e competitivo**



**Joel R. Gómez**  
**Ricardo Carvalho Calero**

**J.-Martinho M. Santalha**  
**António Gil Hernández**

**Joel R. Gómez  
Ricardo Carvalho Calero  
José-Martinho Montero Santalha  
António Gil Hernández**

**Carvalho Calero:  
por um Galego útil, rendível,  
económico e competitivo**



Academia Galega da  
Língua Portuguesa

**Publicação da Academia Galega da Língua Portuguesa (AGLP)**  
***www.academiagalega.gal***

- © Joel R. Gómez: “A produção jornalística de Carvalho Calero sobre política linguística: por um galego útil, rendível, económico e competitivo”.
- © *La Voz de Galicia* e Herdeiros de Ricardo Carvalho Calero: “Ortografia galega” e “Galego-Portugués ou Galego-Castelán”.
- © José-Martinho Montero Santalha: “Recebimento de Joel Gómez na AGLP. (Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2024)”.
- © António Gil Hernández: “Prof. Carvalho Calero: Notas reintegracionistas”.
- © Siro López: caricaturas.

ANEXO VI ao *Boletim da AGLP*

ISBN: 979-13-990743-3-8.

D.L.: LU 137-2025

Diagramação: Lene Meyer Yong-Jae.

Impressão: Eoditorial.

## ÍNDICE DO VOLUME

### 7 Prólogo

JOEL R. GÓMEZ

### 9 A produção jornalística de Carvalho Calero sobre política linguística: por um galego útil, rendível, económico e competitivo.

- 9 Resumo/Abstract  
12 O galego, uma língua  
14 Reintegração e normalização  
37 “Política linguística: memórias dun esquelete”  
59 Imobilismo, progressos e retrocessos  
68 Conclusões  
73 Produções de Ricardo Carvalho Calero no jornal *La Voz de Galicia*  
85 Outra Bibliografia

RICARDO CARVALHO CALERO

### 93 2 artigos no jornal *La Voz de Galicia*.

- 97 Ortografia galega (20/07/1975)  
101 Galego-Portugués ou Galego-Castelán (10/08/1975).

JOSÉ-MARTINHO MONTERO SANTALHA

### 105 Recebimento de Joel Gómez na AGLP.

(Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2024).

- 106 Obra escrita  
108 Os inícios  
109 Epílogo

ANTÓNIO GIL HERNÁNDEZ

### 111 Carvalho Calero: Notas reintegracionistas.

## PRÓLOGO

Este Anexo VI do *Boletim da Academia Galega da Língua Portuguesa* (AGLP) inicia-se com o estudo “A produção jornalística de Carvalho Calero sobre política linguística: por um galego útil, rendível, económico e competitivo”, de Joel Gómez. Este trabalho foi apresentado o dia 5 de outubro de 2024 na Casa da Língua Comum, em Santiago de Compostela, com ensejo do ingresso do autor como membro numerário da AGLP. São analisados nele mais de cem produtos difundidos por Carvalho Calero no jornal *La Voz de Galicia*, em que se ocupou de temas de política linguística. Reivindica-se como produtor de artigos de opinião e reclama-se a atualidade da sua doutrina reintegracionista, e que seja considerada de novo na agenda política da Galiza, após os dececionantes resultados da política linguística aplicada desde abril de 1983, que derivou na perda de utentes da língua da Galiza e a sua progressiva substituição pelo espanhol. Na bibliografia final referenciam-se 236 trabalhos de Carvalho Calero, publicados entre 1945 e pouco antes da sua morte, nessa empresa de comunicação.

Reproduz no final 2 artigos de Ricardo Carvalho Calero publicados no jornal no verão de 1975, especialmente significativos pelo tempo em que se difundiram, poucos meses antes da morte de Francisco Franco. Neles Carvalho propõe uma modificação progressiva da ortografia galega, passando de uma orientação alicerçada no galego-castelhano para a do galego-português, esta última acorde com a história e a tradição da língua.

Seguidamente inclui-se a resposta de recebimento por parte de José-Martinho Montero Santalha para Joel Gómez como novo académico, onde se põe em destaque a sua trajetória, detendo-se em especial nos seus inícios no jornalismo.

Finalmene, António Gil Hernández, atual presidente da AGLP, lembra o seu relacionamento com Carvalho Calero e salienta informações e aspetos de interesse respeitantes ao reintegracionismo e ao eventual rumo da língua da Galiza no período autonómico.

O volume acompanha-se na capa de uma caricatura do artista gráfico Siro López, quem tem dedicado numerosas produções a Carvalho Calero e também se tem ocupado de difundir a sua obra e doutrina.

A AGLP agradece a Siro López, bem como a *La Voz de Galicia* e à família de Ricardo Carvalho Calero, a sua colaboração para a edição desta publicação.

# **A produção jornalística de Carvalho Calero sobre política linguística: por um galego útil, rendível, económico e competitivo**

**Joel R. Gómez**

## **RESUMO.**

Este estudo centra-se nos trabalhos de Ricardo Carvalho Calero sobre política linguística difundidos por *La Voz de Galicia*, o meio em que mais publicou. As conclusões reivindicam-no como modelo de produtor de opinião para a comunicação social, e colocam de atualidade a sua doutrina de defesa do Galego-Português para avançar na normalização e na normatização da língua galega, doutrina que ele promoveu nas páginas do jornal desde o verão de 1975. Após os dececionantes resultados, com perda de falantes, por causa da aplicação nas quatro últimas décadas de uma política linguística alicerçada no seu referente de oposição, o Galego-Castelhano, parece urgente reconsiderar a proposta que Carvalho Calero arvorou desde o final do regime franquista, seguindo a história e a tradição amparadas no conhecimento científico, e que tinha sido referente para o Galeguismo.

## **PALAVRAS-CHAVE.**

Ricardo Carvalho Calero. Política Linguística. Comunicação social. Normalização. Reintegracionismo.

## **SUMMARY**

This work focuses on Ricardo Carvalho Calero's works about language policy published by *La Voz de Galicia*, the newspaper where he most published. The conclusions reaffirm him as a model of opinion producer in the media, and puts in the present his doctrine in defence of Portuguese Galician to advance in the normalization and the standardization of Galician language. This philological doctrine was promoted by him in this Galician journal from the summer of 1975 to the end of his days. There has been a disappointing performance, with the loss of Galician speakers, due to the implementation during the last four decades of a language policy based on its opposite language reference, the Spanish Galician. Therefore it seems urgent to reconsider Carvalho Calero's proposal built at the end of Franco regime, following the history and tradition supported by scientific knowledge, which had always been the reference for the galeguism.

## **KEY-WORDS**

Ricardo Carvalho Calero. Language policy. Media. Normalization. Reintegrationism.

*In memoriam*

**Ricardo Carvalho Calero e Ernesto Guerra da Cal**

COMO PUDEMOS  
viver? [...]  
Na escola, os nossos filhos aprendendo  
a condenar-nos, a  
desprezar-nos, a  
denunciar-nos, a falarem na língua  
com que insultados fomos e julgados  
réprobos, e na qual foi estendida  
a acta que nos levou  
ao paredom, ao cárcere, ao desterro;  
a língua com que nos indultaram  
para nos reinserir arrependidos  
no mundo que quigéramos  
substituir. Muitos morreram, mas  
nom falo agora desses mortos; falo  
dos que tiverom que viver morrendo  
entre os seus matadores, lendo a imprensa  
que de lama nos enchera, saudando  
as insígnias contra as quais militaram.  
Como pudemos  
viver? E mais vivêmos.  
E comêmos, dormímos, engendrámos  
crianças; se havia quê comer, se havia  
leito para dormir ou para amar.

**(Ricardo Carvalho Calero, *Reticências...*)**

Desde 29/11/1925 (Marco 2020: 29), quando tinha 15 anos, Ricardo Carvalho Calero (RCC, Ferrol, 1910-Santiago de Compostela, 1990) contribuiu com centos de trabalhos em mais de 70 publicações de periodicidade diversa<sup>1</sup>, de diários a anuários, ou que saíam ao mercado quando podiam. Muitos foram recolhidos por ele em livros e constituem um legado valioso. Onde mais publicou foi no *La Voz de Galicia* (LVG): entre 25/07/1945 e 02/12/1989 identifiquei até 236 produtos<sup>2</sup> nessa empresa de comunicação, com 229 artigos, 2 poesias, 2 cartas ao diretor e 1 Tribuna Pública no jornal, e 2 prólogos para livros. A temática predominante nestas publicações foram os problemas da língua galega, com uma perspetiva de política linguística; e temas de literatura e estudos literários, efemérides, atualidade política, cultura e história da Galiza, e assuntos autobiográficos. Em todo esse período, LVG foi um meio de comunicação de referência, mantendo-se como o diário com maior audiência e maior impacto na opinião pública.

O escopo do presente trabalho está nos escritos sobre língua, atendendo a acontecimentos da sua trajetória e da situação da Galiza. A cronologia e as citações permitirão verificar a evolução do seu pensamento e posições linguísticas, que foram mudando com as circunstâncias políticas. Nessas cinco décadas de colaboração no jornal *La Voz de Galicia*, nos seus trabalhos a respeito da política linguística para com o galego podemos diferenciar três etapas:

---

<sup>1</sup> São 52 da Galiza, 10 do Estado Espanhol, 3 da Argentina, 3 de Portugal, e uma do Brasil, dos EUA e do México, segundo se conclui da consulta dos estudos de Montero Santalha (1994), Rodríguez (2000), Gómez (2009), Marco (2020) e Máiz (2020), além dos fundos jornalísticos da sua biblioteca do Parlamento de Galiza (Gabinete de Comunicação do Parlamento Galego, 14/07/2012).

<sup>2</sup> Tentei fazer uma pesquisa exaustiva, mas há edições do jornal até à década de 1980-1990 que não estão completamente digitalizadas e nas quais porventura poderá haver mais contributos. No presente trabalho só se consideram os que ele enviou por iniciativa própria ou a pedido do LVG.

- 1 Entre 1945-1974, a reivindicação do galego como uma língua, não um dialeto, com a mesma categoria que o espanhol e outras; e o trabalho em prol da sua maior visibilidade e de maiores usos na escrita.
- 2 Desde o verão de 1975, o desenvolvimento da sua proposta reintegracionista, que teve o seu ponto principal em 1980, com a aprovação de umas Normas Ortográficas, pelo governo da Xunta de Galicia pré-autonómica em que ele se implicou muito diretamente presidindo uma comissão de especialistas. Essas Normas estiveram a vigorar até 20/04/1983, quando se promulgou o que RCC denominou *Decreto Filgueira*. Também promoverá com insistência nos seus artigos o estudo da língua para o seu uso mais correto.
- 3 Desde 13/05/1983 até à sua morte, insistiu nos seus contributos no LVG na defesa da sua proposta reintegracionista e de uma outra política linguística com argumentos de tipo científico, filosófico, histórico, linguísticos, sociolinguísticos, e mais.

### O galego, uma língua

Nos primeiros 29 anos publicou 28 contributos: 7 entre 1945-1970 e 21 no triénio 1972-1974. A estreia foi com poesia, «**O trebo das catro follas**» (25/07/1945), o seu primeiro trabalho difundido após a Guerra de Espanha de 1936. Em 1965 incorporou-se como docente de Linguística e Literatura Galega na Faculdade de Filosofia da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e nesse ano recenseou no LVG o volume *Cantigas d'Escarnho e Maldizer* (16/06/1965), de Rodrigues Lapa, salientando o esforço da marca Galaxia ao editá-lo em português e destacando a vantagem que isso supunha para a sua difusão<sup>3</sup>.

---

<sup>3</sup> Antes, em «Cien años de *Cantares Gallegos*» (01/01/1964), o seu primeiro grande artigo no LVG, tinha salientado como neste livro Rosalía «descubre las posibilidades literarias de la lengua de su país, [...] para desembocar en una obra que quiere ser una

Desde 1972, em que assumiu a cátedra de Linguística e Literatura Galega na USC<sup>4</sup>, intensificou a sua colaboração no jornal. RCC assinou 8 artigos em 1972 no LVG, nos quais defendia o galego como uma língua, não um dialeto, como era considerado, o que o rebaixava a respeito do espanhol, única língua oficial. No intitulado «**O Galego, unha Lingua**» (17/09/1972) esclarece como, por vezes, era estipulado que o castelhano era a mãe do português e do galego, e sublinha o «estado de consciencia, determinado pola historia política, segundo o cal o galego é sentido polos galegos como distinto do portugués».

Em «**Un ou dous Noriegas**» (01/07/1973) diferencia em Noriega Varela uma etapa inicial, enxebrista, que atribui a que, como outros produtores coevos «isolados da tradición medieval [...] sempre estaban espostos a aceptar para o galego o destino do charro ou do panocho»; destino dialetal, que ele combatia. Mas, nos 13 anos em que exerceu como docente em Trasalva e se relacionou com pessoas do Grupo Nós, Noriega «coñece aos poetas portugueses contemporáneos, e eso halle abrir novos horizontes lingüísticos»; e também literários, pois «descobre na poesía portuguesa como a outra cara da lúa da poesía galega que el cultivara». O contacto com o português muda a sua produção. Este segundo Noriega é colocado assim com perspectiva reintegracionista. Este artigo pode ser considerado como a sua primeira reação pública perante «A recuperación literária do galego», de Rodrigues Lapa (05/1973), difundido pouco antes. Tentava evitar polémica pois, pela sua posição e contactos, conhecia porventura a contestação que podia provocar, e que provocou, esse artigo de Lapa.

Em «**Literatura Galega 1974**» (26/12/1974), ocupou-se do ano literário, e Ramón Piñeiro, nas mesmas páginas, do ano cultural. Ambos

---

reivindicación de su tierra y de su lengua» e como pretende «probar a los que la niegan, la dignidad de una lengua y de un modo de ser colectivo».

<sup>4</sup> Em 1970 aprovou-se a *Ley General de Educación* (Franco, 06/08/1970), promovida pelo ministro Villar Palasí, que possibilitava introduzir a língua galega no ensino obrigatório. Isso favorecia a formação de docentes. Esse ano, Aurora Marco começou a colaborar com ele na USC, e em 1972 (González, 2005: 127) «convértese, con Carvalho, na segunda persoa que imparte aulas de galego oficialmente en Galiza».

admitem, como sublinha RCC «o avance no uso do idioma galego», e que se «restauraron usos esquecidos, ou en 1974 fixeron frecuente o que dantes era excepcional». Salientam terem-se conhecido escritos reivindicativos em galego assinados por camponeses. Piñeiro conclui ser a primeira vez que isso acontecia, e que evidenciava como «a batalla do prestixio cultural está ganada», o que atribuía à atividade nos últimos 25 anos<sup>5</sup>. Carvalho indica que já tinha havido escritos semelhantes com anterioridade e, embora reconheça ser outro avanço, adverte de problemas da língua, que contrastavam com o otimismo de Piñeiro.

### Reintegração e normalização

No segundo período (1975-20/04/1983), aconteceram a morte de Franco (1975), a posterior transição política espanhola, com a aprovação da Constituição e de um regime pré-autonómico para a Galiza (1978), a introdução da língua galega no ensino obrigatório (1979) ou a aprovação do Estatuto de Autonomia da Galiza (21/12/1980) e o desenvolvimento da Administração autonómica. RCC mudou-se para a Faculdade de Filologia, inaugurada em 1975. Da sua produção científica merecem destaque a sétima edição da *Gramática elemental del gallego común* (1979), na qual defende a necessidade de uma reintegração do galego no seu mundo originário e avança com que no futuro insistirá nessa orientação; a terceira edição da *Historia da Literatura Galega Contemporánea* (1981), que mantém a ortografia da anterior; e, em Lis-

---

<sup>5</sup> Piñeiro diferencia três etapas na reabilitação cultural e linguística, após o período da Idade Média e o decaimento posterior: a dos «poetas», a partir da segunda metade do século XIX; as Irmandades da Fala, na primeira metade do XX; e «a nosa», que «comezou polo ano 50». Piñeiro e RCC não fazem referências ao *Manifesto pola supervivencia da cultura galega*, assinado por 13 pessoas (Montero Santalla et alii, 1974) da Galiza residentes em Roma; porém, o artigo de Piñeiro parece, em parte, uma resposta àquele documento, que ele tinha censurado para publicar em *Grial* (veja-se Montero Santalla, 2008).

boa<sup>6</sup>, na editora Sá da Costa, da mão de Rodrigues Lapa, *Problemas da língua galega* (1981), o primeiro volume onde assumia plenamente o reintegracionismo. Porém, o mais destacável foi, sem dúvida, a aprovação de umas *Normas Ortográficas do Idioma Galego*<sup>7</sup>, assumidas e publicadas pelo governo pré-autonómico (Fernández Barreiro, 1980), para aplicar no ensino e nos organismos que constituíam o ente pré-autonómico e que estiveram em vigor até 20/04/1983. Essas *Normas* partiam do Galego-Castelhano e favoreciam avançar progressivamente para o Galego-Português. LVG (10/04/1980) anunciou com destaque na primeira página a publicação dessas *Normas*, às quais dedicou muita atenção vários dias, com implicação de Xoán Carlos Rábade (18/04/1980 e datas posteriores), discípulo de RCC, de quem mesmo editará um livro (Rábade, 1980) sobre o tema. Porém, aquelas *Normas* suportaram fortes resistências na Galiza desde o início, como também se espelhou nas páginas do jornal. A oposição já esse mesmo ano começou a organizar-se para mudar a situação. RCC reformou-se da cátedra da USC (Montero Santalha, 1993: 99) em 30/10/1980<sup>8</sup>, e em 13-15/11/1980 teve lugar o colóquio *Tradición, Actualidade e Futuro*

<sup>6</sup> Em 1981 foi designado membro da Academia das Ciências de Lisboa e LVG noticiou em 10/06/1981.

<sup>7</sup> Em 21/09/1979 RCC tinha sido designado presidente da Comissão de Linguística, que promovia a Xunta de Galiza, para elaborar umas normas ortográficas para o galego. Era isso consequência de que, por Real Decreto de 20/07/1979, a língua galega era incorporada ao sistema educativo da Galiza e urgia a tarefa. A Comissão de Linguística aprovou as Normas em 25/02/1980. Carvalho (Verao 1985) esclareceu na *Agália* como funcionou a Comissão e como o único ponto em que não houve unanimidade não tinha sido incorporado no texto final. Entre as propostas antecedentes merecem destaque, da perspectiva do Galego-Castelhano, as *Bases pra unificación* que tinha aprovado a USC (AA. VV., 1977), e da perspectiva do Galego-Português a de Montero Santalla (1979).

<sup>8</sup> Pouco antes, o seu discípulo e um dos seus principais continuadores, José Luís Rodríguez, assinalava numa carta datada o 03/06/1980, há pouco publicada (AA. VV., 2020: 171): «A pugna entre uns e outros (“isolacionistas”, quer dizer, “castelhanistas”, e “reintegracionistas”, chamados a miúdo “lusistas”) é e será dura e terrível, porque cada posição leva com ela uma determinada visão de Galiza».

do Galego, na Universidade de Tréveris, em que a delegação galega avançou como estavam a trabalhar para adotar uma nova orientação, como assim com efeito se fará<sup>9</sup>.

Nesse tempo RCC acrescentou a influência no LVG, integrando o júri do prémio Fernández Latorre que organizava o jornal, que em 1977 foi atribuído a Montero Santalha (26/07/1977) por «Integración lingüística galego-portuguesa», um artigo que defendia o reintegracionismo<sup>10</sup>. Em 1978 RCC prologou *O galego hoxe*, um curso de língua que se tinha divulgado nas páginas do jornal e que na publicação em livro atingiu um grande sucesso; na nona edição, em outubro de 1980, incorporou um novo prólogo seu, em que salientava o acerto de se ter

---

<sup>9</sup> Defenderam mudar as *Normas* de 1980 Ramón Lorenzo, o sucessor de RCC na cátedra; Alonso Montero, quem também seria catedrático do Departamento de Galego da USC; Filgueira Valverde e Antón Santamarina, quem em 1980 assinaram a proposta da Comissão presidida por Carvalho, e Filgueira mesmo será o conselheiro que assine o novo decreto autonómico para a substituição de aquelas *Normas*; Constantino García e Benito Varela Jácome, docentes da USC; ou Ramón Piñeiro, da editora e do grupo Galaxia. Não assistiram Rodrigues Lapa, nem Carvalho; e o principal defensor da posição do Galego-Português foi o linguista e político brasileiro Celso Cunha, quem afirmou (Kremer e Lorenzo, 1982: 244): «Uma ortografia nunca pode ser fonética, é fonológica. De modo que essas pronúncias galegas, eu acho que caberiam num sistema assim flexível como é o sistema português». Cunha tinha defendido em 1963, no V Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, uma proposta juntamente com Ernesto Guerra da Cal, Pedro Calmon (reitor da Universidade do Brasil, do Rio de Janeiro) e Alberto Machado da Rosa (açoriano exilado, rosalianista e docente na Wisconsin University) favorável para uma aproximação ortográfica do português de Portugal e do Brasil, que considerasse a língua da Galiza (ver as *Atas*, AA. VV. 1968, pp. 360 e passim). *LVG* noticiou o encontro de Treveris (Redação 18/04/1980 e 22/10/1980; e Alonso Boo 27/12/1980), dando destaque à polémica provocada em redor de Lapa.

<sup>10</sup> Esse artigo concluía convidando o leitor a ler publicações em português e a utilizar um dicionário português para escrever em galego, pois (Montero Santalla, 26/07/1977) «Estamos seguros de que experimentará por si mesmo que non ten sentido seguir falando de «idioma galego», senón de galego-portugués (ou, para decilo con Rodríguez Lapa, de “portugalego”), porque non existe máis “idioma galego” que o galego-portugués. Que[n] fala galego, fala galego-portugués. E seria irrazoábel que pretendésemos normativizar a nosa lingua como se Portugal non existise».

adaptado às *Normas* de 1980<sup>11</sup>. Em 1978 e 1979 recebeu o apoio estratégico de vários artigos de Manuel Rodrigues Lapa no LVG, que põe (Lapa, 24/05/1978) como modelo a seguir na Galiza a doutrina de Carvalho<sup>12</sup>. Desde 1980 RCC adotará progressivamente uma posição mais reintegracionista nos artigos, até chegar a utilizar no LVG mesmo a normativa da Associação Galega da Língua (AGAL), entidade fundada em 1981, que tinha nele o referente central<sup>13</sup>. RCC assinou 78 artigos no LVG nesses pouco mais de 8 anos, em que reivindicou a confluência da ortografia galega com a do português, segundo a história e a tradição da língua defendidas por Castelao e o Galeguismo, para a sua progressiva normalização na sociedade galega.

São artigos como «**Ortografia galega**» (20/07/1975) e «**Galego-Portugués ou Galego-Castelán**» (10/08/1975), os primeiros desse período (vejam-se reproduzidos infra) e hoje referentes da doutrina reintegracionista. No primeiro indica como para o galego «históricamente non habería outra ortografía que a inspirada no portugués». Apesar de se difundirem esses artigos ainda no franquismo, julga que «Estamos se cadra no intre en que compre xa unha revisión da nosa normativa». E conclui, seguindo a doutrina de Menéndez Pidal, em quem se ampa-

---

<sup>11</sup> Na reedição colabora o seu discípulo Joám Carlos Rábade. RCC sublinha no novo prólogo como «*O galego hoxe* para ser fiel ao seu nome, estaba obrigado a existir, como o fai, o movemento de reintegración do galego no seu ámbito orixinário, sen por isto pretender a resurreición de formas arcaicas xa excluídas na sincronía actual en todas as latitudes do sistema». Esta atitude de apoio de LVG a RCC não era assumida por muitas editoras galegas.

<sup>12</sup> Nesse artigo, Lapa valoriza RCC como a pessoa com informação e formação mais valiosa sobre a língua galega e o seu futuro, e cita parágrafos de dois artigos de Carvalho publicados no LVG em 31/12/1977 e 02/03/1978.

<sup>13</sup> Também apoiavam a doutrina de Carvalho, nessa linha de adoção da ortografia histórica da língua galega, a Associação Sócio-Pedagógica Galaico-Portuguesa, as Irmandades da Fala de Galiza e Portugal, a Associação de Amizado Galiza-Portugal, a Comissão para a Integração da Língua da Galiza no Acordo da Ortografia Unificada e o chamado movimento reintegracionista de base, com entidades locais e centros sociais em várias vilas e cidades.

rará mais vezes nos anos sucessivos, que a ortografia: «ten que insertarse no mundo cultural ao que está tradicionalmente adscripta, restabelecendo a continuidade que pode ter sido alterada polo intre dialectal en que a lingua viviu durante séculos». No seguinte traballo defende que a lingua da Galiza «é unha variedade inserta dentro dun complexo lingüístico do que foi o núcleo histórico, pero que hoxe ten por núcleo, sociolóxicamente falando, a variedade meridional, lingua oficial do Estado ali constituído», a lingua portuguesa. Adverte que só havia dúas opcións «galego-portugués ou galego-castelán [...] un galego-castelán remata, lóxicamente, nun dialecto castelán de substrato galego. Unha situación análoga á do moderno leonés, ou á do aragonés moderno». É por isso que se pronuncia em favor do Galego-Português.

Desde 1976 insistirá em que se devia estudar a lingua para usá-la com correção. Assim o faz em «**O galego desenfreado**» (22/08/1976), em que alerta contra os castelhanismos e os hiperenxebriismos. Ou em «**O galego irlandés**» (19/08/1977), em que reprova o uso indebido do apóstrofo, à moda irlandesa, que se via muito em nomes de restaurantes e estabelecimentos da hotelaria galegos: «Son manifestacións da ignorancia do galego por parte dos galegos», afirma. Também utiliza e divulga no jornal argumentos do campo científico para esclarecer a evolução e perspectivas da lingua. Assim faz em «**O galego antigo**» (26/08/1977), em que esclarece os inícios da formação da lingua e a sua evolução nos primeiros séculos, para concluir: «Semella condenar como antinatural a resistencia, determinada por unha deformación enalleante, productu dunha educación estatal uniformista, a achar no portugués orientación para resolver os problemas que se presentan hoxe ao galego»; «**O galego medio**» (15/09/1977), «**O galego moderno**» (18/09/1977) e «**O galego futuro**» (22/09/1977) ou «**O problema da lingua**» (31/12/1977). Neste sintetiza e conclui:

**E**NEXAMAIS existiu unha disposición legal que decretara ao galego decaído do seu carácter de lingua utilizábel aos efectos oficiais. No rexistro de pragmáticas de Isabel I, raíña de Galicia, non figurou nunca noticia dun texto restrictivo do uso público do noso idioma. Notarios galegos estendían os estermentos públicos na lingua do país mesmo baixo o reinado de César Carlos V. Nunca foi o galego decretado lingua oficial en Galicia e nunca foi despois legalmente mediante declaración expresa dese carácter oficial. Foron os acontecementos históricos os que sin formulación positiva de carácter xurídico, sin proclamación legal concreta, elevaron e abaxaron a condición social do idioma, e, coa condición social, a condición administrativa. O galego foi lingua tabeleónica e chancelaresca mentras foi lingua común dos galegos e lingua literaria. Chegado o romance á súa madurez nos linderos dos séculos XII e XIII, escribíronse naturalmente nel os primeiros trovadoresos e as cartas forais, as crónicas históricas e os diplomas redactados na curia do Arcebispo. Ningún rei, ningunha autoridade outorgou ao galego carácter de lingua oficial; ningunha autoridade nin rei ningún outorgou ao feito natural do uso xeral do galego. Mentras a partir do advenimento da dinastía de Trastámara — un condado galego vido a mans castelás — ao trono de Galicia — unido persoalmente ao trono de Castela — unha forte penetración de nobreza forasteira vai cambiar a estrutura demográfica do país. Estilidos os desparecidos os máis dos nosos nobres que militaran no bando lexistimista, o Conde de Trastámara feito rei entregou moitas terras vacantes a parciais seus, segundóns de casas distinguidas non galegas, e estas merce-

no seu monolingüismo oral polo seu atraso cultural e económico, castelanzáronse na súa conciencia lingüística, e o galego pasou a ser socioeconómicamente unha forma rustica do castelán en Galicia.

A reivindicación do galego como lingua escrita non podía xurdir senón no seo mesmo da aristocracia e a burguesía, que sendo por vía de regra de sangue alleo ou mesturado, dispunhan endebén da folgura económica e do patrimonio cultural conseguido, indispensábel para concebir unha reforma da situación lingüística. Os dirixentes da vida social e económica eran os únicos capaces de dirixir a vida literaria do país. Ao retroceder o racionalismo uniformista, algúns membros das clases superiores de Galicia interesáronse polo propio da terra, e moi pronto un pulo romántico empurróuna á restauración da fala aldraxada. Pola vía da cultura, nobres e comerciantes galegos, dos que os apelidos decretaran moitas veces as orixes forasteiras, asumiran a defensa dos valores do país, e entre eles a lingua.

Así, ao traveso de institucións como a Academia Galega e o Seminario de Estudos Galegos, as Irmandades da Fala e as agrupacións culturais e políticas de signo galeguista, promovéuse un rexurdimiento do idioma. Este movemento rexistrábase proxectivamente no interior das clases sociais que non eran falantes espontáneos do galego, mentras que as que o eran, soballadas pola dureza da súa vida, permanencian alleas ao romántico empenho, e máis ben evolucionaban, ao irse alfabetizando ou mellorando economicamente, cara o uso do castelán, que as equiparaba aos donos do poder social e as limpaba do lixo do uso dunha lingua servil. Por eso ante mesmo as forzas políticas que querían representar á estas capas inferiores da sociedade,

tores en que non desapareceu completamente, vive parasitando no corpo da literatura de tendencia coxuntural, o que demostra a conciencia do escritor galego de que só o tema social pode propiciarlle leitores.

Mais a proliferación de escritos en galego non pode interpretarse sin máis como un triunfo da lingua galega en si mesma, porque non sempre vai acompañada do necesario interese pola autenticidade idiomática. Hai en ocasións un profundo desprezo polo estormento de que nos servimos. Dadas as circunstancias en que se desenvolveu a loita pola lingua literaria, a creación e consolidación da mesma está orixizada de dificultades. Castelanismos primários, hipervocabulismos despois amarraron desde os Precursos a calidade do idioma escrito. Apenas se coñecían modelos; apenas existían dicionarios e gramáticas. Que nestas condicións un Castelaio, un Cuevillán, un Cabanillas escribieran como escribiron, significa un logro só espallado, aperta da capacidade artística dos nomeados, polo seu afoveado desexo de ilustrar a lingua, de coñecerla amorosamente para fundcala con respecto infinito. Tal delicada actitude non é hoxe xeral. Hai moita xente que quer poder decir que escribe en galego, mais que non ten ningún interese en facer o mellor posible. Hoxe, a diferenza do que ocorreu hai anos, dispomos dunha bibliografía lingüística que permite orientarse a calquera. ¿Cómo interpretar, pola logo, a actitude mental dos que escriben en galego colocando na frase os pronomes átonos sempre despois do verbo, como é normal en castelán, ou sempre pospostos, como non sempre é normal en galego? ¿Cómo interpretar a actitude mental dos que empregan o infinitivo fleisionado contra toda lei morfolóxica ou sintáctica? Custións son estas nas que doudamente poderían imporse con follear unhas páxi-

## O galego desenfreado

Por R. CARBALLO CALERO

des continuaron coñecendo polos seus inmediatos sucesores. Esta aristocracia non galega, constituída por persoas afectos ao linaxe vencedor, predomíno política e socialmente sobre a nobreza indíxena. Lingüísticamente non foi asimilada, e dou o padrón do falar superior, que pouco a pouco se impuxo mesmo aos restos da nobreza autóctona. Así, sin ningunha presión legislativa, o castelán desplazouse progresivamente ao galego como lingua escrita e oficial, máis que pola deserción, pola destrución da nobreza galega.

Reducido a dialecto oral e rústico, a revolución industrial e o advenimento ao poder social da burguesía capitalista non revitalizou o galego, porque non houbo galegos que responderan ao reto dos tempos novos. A nova burguesía non xurdiu das capas da poboación agrícola, demasiado pobre e ignorante para asumir as novas formas de vida. O poder económico ocupárono xentes vidas de fora. Os cataláns introdución novas técnicas pebeixiras e festonearon o noso litoral de fábricas de salazón. Se a fins da Idade Media os Staliga, os Enriquez, os Sarmiento, os Pimentel, todos linaxes foráneos, constituíron a nova aristocracia, agora os Massó, os Rovira, os Román, os Carreró constitúen a nova burguesía. Se a nova nobreza e os seus criados tiña como lingua escrita o castelán, a nova burguesía e os seus súbditos tiña tamén. Houbera podido formarse entre nós unha minoría lingüística catalá se o poder económico dos catalán non fora compartillado polos maragatos, que se adlocaron ao comercio de ultramarinos e de tecidos, polos camerquís, polos rioxanos, polos castelán de diversas procedencias que mostraron todas as institucións de carácter mercantil, industrial e financeiro que marcan a transición do sistema de economía tradicional, de economía natural e de cambio, ao sistema de circulación comercial dos produtos, de economía monetaria e de lucro. Así, o castelán foi a lingua franca desta mesocracia capitalista, que na lingua oficial se entendía coas autoridades do Estado e coa aristocracia de sangue. As clases dirixentes tiveron como lingua escrita, como lingua xurídica, como lingua oficial o castelán, porque non eran galegas nas súas orixes, e porque a súa superioridade económica e cultural sobre o campesiñado e o artesariado autóctonos impidiu a súa asimilación idiomática por estes estamentos. Ocurriu, ao contrario, que a fala dos mesmos se dialectalizou cara o castelán e os seus usáns das vides fixéronse bilingües, mentras que os campesiños, rústicos

empregaron sistematicamente o castelán na vida propaganda pública, e non só os grupos de obediencia-centralista, como partidos de orientación internacionalista ou centráns sindicais obreros, senón mesmo movementos como o das sociedades agrarias, de evidente autoctonia.

A situación experimentou un importante cambio recibindo nos días presentos erguítase as trabas máis abafantes da censura gubernamental, comprendéuse por aquelas forzas, ou as que as sucederón, ou as que aspiraban a sucedelas, en qué medida o uso do galego, non ollado con simpatía polo poder, podía constituir un ariste para petar nos muros do poder mesmo. Escribir en galego dexou entón de ser monopolio dos galeguistas, e converteuse en práctica xeral da oposición ao orde establecido. Non hai, pois, unha conversión ao galeguismo de forzas tradicionalmente hostis ou alleas ao mesmo, senón a ascusión dun estormento de loita que se considera eficaz agora para a consecución dos outexivos de sempre.

Cunha rapidez de vértigo, o galego, que vira de ser decretado en estado agónico, irrumpiu en palcos onde endexáranse tiña coimpoído. Unha literatura ideolóxica de suscripción colectiva enche as follas xornalísticas do país, dando testemuño dun cultivo cáxeko unánime do galego para a profeta escrita. Non cabe dúbida que neste intre unha protesta escrita en castelán, semella morna e sospetosa de debilidade. En Galicia, hoxe por hoxe, protestar en castelán non é propiamente protestar. Do mesmo xeito, o sociolingüista ha recoiler outro fenómeno paralelo. Estamos a punto de chegar a unha situación en que se inviran os datos que rexistráronse en vello da situación en que se movían as forzas políticas de oposición no terro da propaganda oral con anterioridade á guerra civil. Vemos como non só os grupos políticos que se intullan galeguistas, senón mesmo os que estes califían de «suavistas» están utilizando o galego. Aíña — como non se modifique o planteamento da situación pola incorporación de novos datos — o uso do castelán será incoñecible para a propaganda política de grupos que se autodefinen como demócráticos ou de esquerda.

Xa hai algún tempo, nestas mesmas columnas, espreséi a opinión de que hoxe a literatura galega relevante á a literatura didáctica, utilitaria, xornalística, cívica, social ou como cadaquén quera chamala. A outra está apte paréntese, en agarda de día máis propicio para un desenvolvemento autónomo. Hoxe, naquelas se-

nas dos manuais existentes, ou sinxelamente con observar a construción na fala espontánea dos nosos campesiños. Deixemos de banda os erros semánticos e morfolóxicos, as pedantarias léxicas e os pseudoclasicismos de palabras que empedan algúns escritos. ¿Qué menos se pode pedir que unha doceste sintaxe? Se os que tripan tan desconsideradamente a nosa lingua non a falan ata agora ¿cómo creen que a poden escribir sin percurrir algunha información sobre ela? ¿Chega ata estormentas tan incoñecibles a súa falta de respecto ao estormento lingüístico que semellan obrigados a cultivar?

Non se pode converter lingüísticamente un home da noite á mañá. Todos temos que estudar o noso idioma, como calquera idioma, para poder escribilo. Coidar o calque idiolecto improvisado e incoñecente é bo para falar ao pobo, é ter unha conciencia moi pobre do que o pobo é. O pobo creou o seu idioma; a historia foine deteriorando. Se queremos restauralo non podemos usalo sin freo, ao noso albitrío de ignorantes que non desexan saír do seu ignorar.

Os que persigan co uso do galego calquer fin de potenciación dos valores galegos, han pór alíx emerso nese uso para non aldraxar o valor do idioma. Ben se ve que non sempre se logra escribir ben, mais ¿non debemos facer algo para achegarnos a ese propósito? Non abunda con decir que escribimos en galego. É preciso escribir en galego. E o galego é unha realidade oxuetiva que hai que coñecer. Pois ¿á ser o galego unha esceición entre as linguas? ¿Poderías escribir en galego sin saber galego? Houbo unha forma histórica de aldraxar a lingua, que consistía en non escribilo. O futuro rexistrará outra, consistente en escribilo sin poseela. Sin querer poseela.

Ese galego de mogleño, ese galego desenfreado traiciona o desprezo polo mesmo que se pretende empolpear. As cousas serían han ser tratadas seriamente.

Unha nova situación se lle presenta ao galego. Unha nova posibilidade. Un novo perigo. Se o galego desenfreado continuara a agalloupar polas leiras da nosa cultura, moitas colleitas coidadosamente agardadas flearían perdidas, esmagadas pola cabalgada sin xofío. Afinal, a propia crotropes, tería de desorientarse.

O porvir do galego depende hoxe en grande parte de que se pense como un foguete que se queima ou como un lume que se coída. Como unha pedra que se gúndia ou como un tesouro que se hai. O soldado que non ten ben limpo o seu fasil, espónse a que un día lle saia o tiro polo culata.

# O problema da lingua

Por RICARDO CARBALLO CALERO

**D**ENTRO da relatividade que envolven os conceptos de saúde e enfermidades, cabe falar da lingua doentes. Aquélas serían as que viviran unha vida natural, cun desenrolo non perturbado gravemente por circunstancias históricas que viviran a torcer a derriba do idioma. Se toda lingua está suxeita a evolución, e son factores da mesma tanto a dialéctica que opera segundo forzas immanentes naquela, como presións exteriores que, por definición, a trascenden, consideraremos que unha lingua está enferma cando a marxe de seguridade que equilibra eses dous elementos, ten cedido á influencia asoballante do segundo.

No caso do galego estamos no suposto descrito. O galego brota naturalmente do latín falado no noroeste da Península e a líberica a partir da colonización, un latín que se implanta sobre estratos lingüísticos que o marcan. Como as demais formas romances, o galego avanta cara o sul ao compás da reconquista, e ten a súa prolongación natural no portugués, como o castelán ten a súa no andaluz e o catalán no valenciano. Ora, mentras que o poder político venecido aos romances central e oriental tiña o seu núcleo ao norte, e a dependencia política de Andalucía e Valencia, de Castela e Cataluña respectivamente, mantiveron a condición dialectal de andaluz e valenciano verbo de castelán e catalán, tal situación, ou mellor dito, unha situación semellante, foi interrompida para o romance occidental pola formación do reino portugués e a unión de Galicia a León e Castela. Entón, Galicia perdeu o seu carácter de núcleo político soberano, e en Guimeras, Coimbra ou Lisboa asentábase a capital política do romance occidental, co que, en definitiva, o centro de poder fica establecido e estabilizado no sul, e o portugués se emancipa politicamente do galego. A ablatión de Portugal corta as posibilidades dunha expansión galega cara o mediodía, como pola mesma época fica bloqueada a expansión reconquistadora de Navarra, e o galego, falto dunha corte real, comeza a gravitar cara o centro. O portugués, antigo dialecto do galego, pasa a ser, como consecuencia do vigor político que entraña, a ponía maior do romance occidental, e o núcleo primitivo, envellecido e paralizado, vai ser relegado ao estado dun dialecto arcaico, ameazado de literalidade e castellanización.

A debilitación do galego pola obturación política da súa influencia no centro e no sul da banda hispánica occidental, que certamente non se manifestou aníña que se creou a fronteira, sondo algún tempo despido, engádesse nos mesmos séculos medievais a decapitación da nobreza galega, substituída en boa parte por magnates casteláns partidarios do primeiro rei Trastámara. A nova nobreza fala en castelán, e estende en castelán os seus diplomas. O castelán comeza a ser en Galicia a fala culta; e o galego, a fala rústica.

Atacado así horizontal e verticalmente, o galego deixa de ser lingua literaria e vai vivir os séculos da Idade Moderna convertido nun dialecto oral que nin



NOVAS INSTALACIONS DA REAL ACADEMIA GALEGA, NA CRUZA, UN DOS SEUS PRIMEIROS OBIXETIVOS E O DESENEROLO DA LINGUA. (DIBUXO DE XOSE RAMÓN).

guarda lembranza do seu pasado culto. As metas comunicacionais e o atraso económico preservan o galego no campo, mentras perde terreo nas cidades, e en todo caso esquece zonas enteiras do seu léxico, que son ocupadas pola lingua oficial en tanto afectan aos campos semánticos nos que se cultivan as formas máis nobres, máis espirituais ou máis poderosas de vida.

O século XVII presenciou unha agravación deste estado deesterosidade. Se a alta nobreza non é autóctona desde fins da Idade Media, a alta bur-

guesía tampouco o é desde fins do século XVIII. Cataláns, maragatos, casteláns, rioxáns montan fábricas de salazón de peixe ao longo das rías, establecen o comercio de panos e ultramarinos, montan servizos de transporte de viaxeiros e mercadorías, e, respondendo ao reto do maquinismo e da revolución industrial, que a pequena burguesía galega non recoñeceu, erguen as institucións da nova sociedade capitalista. O comercio, a industria, a banca son practicamente monopolizadas por estas xentes, que, naturalmente, falan en castelán. Os galegos,

que na emigración se acreditan como laboriosos e intelixentes homes de negocios, non participan na terra, senón máis serodiamente, na revolución industrial. Así, o idioma das clases superiores, a nobreza de sangue e a nobreza do diñeiro, e, por suposto, o idioma dos altos funcionarios, é o castelán. O pobo galego, idiomáticamente, é, pois, un pobo sin nobreza, un pobo sin burguesía. Nestas condicións, o deterioro da fala nativa esplicase sin ningunha dificultade.

A consecuencia destes feitos foi o confinamento do gale-

go como dialecto aliterario durante varios séculos. Así, cando se planedeu a restauración literaria, os escritores encontráronse diante dunha fala en estado venturoso, que tiña perdido a conciencia da súa dignidade e non conservaba a lembranza da súa etapa literaria medieval nin do seu pasado común co portugués.

Os primeiros escritores do Rexurdimento limitáronse a verter por escrito a súa propia fala local. Máis adiante, pasouse deste dialectalismo a un interdialectalismo que admitía indiscriminadamente calquer forma lingüística de vixencia real, fosse cal fose a súa orixe. A esta etapa segue outra na cal, por fin, se aspira a unha solución supradialectal.

Em 1985 principiou o andamento das estações de rádio e televisão autonómicas. Isso acrescentou o otimismo entre os defensores do *Decreto Filgueira*, ao considerar que esses meios e o desenvolvimento da Administración autonómica consolidariam a língua galega. A situação propiciava que «dois bandos se digladiam diariamente», o do Galego-Castelhana e o do Galego-Português, como assinalará Ernesto Guerra da Cal num trabalho, referente da posição reintegracionista, em que este vulto, que apoiava a doutrina e a estratégia de Carvalho, se referia à língua portuguesa como (Da Cal, 1985: 11) «o meu lar perdido e reencontrado» e «a minha Ítaca, perdida e achada».

Nos três primeiros artigos desse ano de RCC no jornal «**Puebla del Cambronal**» (26/01/1985), «**A Prova do Daián**» (01/02/1985) e «**Entre a Proba e o Padrón**» (03/04/1985) centra-se no topónimo «Puebla», que ainda se utilizava com normalidade. Propõe que, a não galeguizar-se, devia castelhanizar-se com coerência, o que suporia que a conhecida vila e concelho de Arousa Norte se chamassem porventura Puebla del Cambronal, melhor que a mistura de Puebla do Caramiñal. Esse ano RCC ocupou uma posição central no campo cultural galego ao presidir o congresso internacional sobre Rosalia de Castro, acontecimento fulcral no processo de canonicidade da produtora. No LVG reconhece o seu talento, o valor da sua obra e o seu significado e simbolismo para a Galiza, embora em «**Rosalía, estrutura binárica**» (19/04/1985) advirta que não era um bom modelo de uso da língua. Refere como o galego de Rosalia «está afectado de evidentes contradizóns. Dez anos antes que ela os *Cantares*, publicara Pintos a sua *Gaita*, onde hai un esforzo de sistematizazón léxica e ortográfica, de depurazón e normalizazón da língua en relazón co cal Rosalía significa un retroceso». Em trabalhos posteriores utilizará aspetos da produción rosaliana para reivindicar uma posição reintegracionista, como em «**Cigarras e ralos**» (21/05/1985) e «**Chicharras e cigarras**» (26/05/1985), em que alude à existência de um «domínio lingüístico galego-portugués», e põe em diálogo um dicionário da língua portuguesa com outros galegos. Ou em «**Rosalía bica a tumba do seu pai**» (19/06/1985), onde reitera que «Viojo é a escrita tradicional, que non supón, claro está, como alguns parecen crer, influéncia do castellano, sempre que se pronuncie ese *j* co seu valor palatal autóctono».

Em «**O italiano em Alguer**» (22/08/1985) ocupa-se do conflito que se dá ao confluírem várias línguas. Adverte que «Unha comunidade non pode ser bífida» e alude a como no enclave italiano de Alguer o ca-

talão «se mantivo como língua oficial até fins do século XVII baixo a dominazón española, mentres que o uso oficial do sardo e do italiano estivo proscrito desde 1372»; porém, e por causa das transformacións políticas era «a dificultade de persitencia do catalán a que desejavamos salientar neste artigo». Dessa situación também se podiam obter conclusións para a língua da Galiza. Em «**Despedida e peche**» (20/10/1985), «**Ata, desata e reata**»<sup>22</sup> (12/11/1985, neste artigo defende como «Os nosos escritores do Resurgimento, que non propugnaban a restaurazón de unha língua histórica que ignoravan, mas a consagrazón literária de unha fala que non se escribía») e em «**Galego eleitoral**» (28/11/1985, em que afirma: «muito nos tememos que alguns chamen galego actual ao galego castellanizado») insiste em reclamar um bom uso da língua, que respondesse à sua história e tradición. Em «**Lingua e Direito**» (03/11/1985) ocupa-se da regulación jurídica e opõe-se à discriminaçón por motivos de normativa lingüística. Formula:

Os fondos públicos son de todos os cidadáns, porque todos tributamos, e unha discriminazón por motivos de doutrina lingüística é tan contrária ao Direito natural como a que está motivada por razóns de relixión, cor ou sexo. Entre nós, a ninguén se lle ocorre negar os seus emolumentos aos deputados da oposizón por disintiren das opinións do Goberno. A disidència en matéria de uso lingüístico é unha forma de oposizón legal. [...] Hai quen gostaria de impor perpétuo silencio ao discrepante [...] Unha política lingüística en Occidente ten que ser liberal. Ten que admitir que a verdade é relativa, e a uniformidade contrária á natureza. Só alguém que se creia, como o Profeta do Islám, confidente do Arcanjo Gabriel e depositário da divina revelazón, pode aspirar a impor o seu Corán, e a esmagar ao infiel co rolo vengador da guerra santa.

---

<sup>22</sup> No artigo promove o uso normativo de *até*. Lembra RCC como no Resurgimento «dician tamén, e escribían, *hasta*, intercalando ás veces entre os dous últimos fonemas un epentético *r*; *hastra* [...] cando se quixo ordenar a lingua, refugaron-se as formas castellananas, e procurou-se unha forma enxebre [...] será mellor recuperar *até*, que sendo a forma do portugués moderno, sequer está abonada polo uso de muitos millóns de falantes do iberorrománico occidental».

Insiste assim em reclamar uma política linguística diferente, liberal; opõe-se ao que denomina «Conceito teocrático de política linguística» e questiona que nem sequer se admita um «ordenado contraste de pareceres», como tolerava o franquismo nos seus últimos anos e a que se tinha referido em 10/09/83 (ver supra). Compara assim a política linguística vigente na Galiza com práticas mais próprias de uma teocracia.

Em 1986 Espanha e Portugal ingressam na Comunidade Económica Europeia. Os dois estados precisam colaborar e isso favorece um novo tempo nas suas relações, mas não seria aproveitado na Galiza para uma confluência linguística, embora uma representação galega (Isaac Alonso Estraviz, Adela Figueroa e José Luís Fontenla) participasse em maio numa reunião internacional no Rio de Janeiro para pactar um novo Acordo Ortográfico para a Língua Portuguesa<sup>23</sup>. Foi o ano em que mais artigos publicou RCC no jornal, 26. Neles insistirá num bom uso da língua e na orientação reintegracionista. Assim o fará ao tratar assuntos de toponímia, como em «**O testemuño do marechal**» (10/04/1986), em que se refere aos topónimos de Proba do Caraminhal e Rianjo; o uso da língua na Televisão da Galiza, em «**Falar atartame-lado**» (27/04/1986), em que conclui como «con autonomía ou sen autonomía, con normativización ou sen ela, temos que ajustar a nosa hora linguística galega ao meridiano de Madrid»; a vigência das doutrinas

---

<sup>23</sup> Desde as Irmandades da Fala de Galiza e Portugal tentaram ultrapassar a Xunta e reclamaram a intervenção do Estado. Respondeu-lhes Francisco Fernández Ordóñez, Ministro de Asuntos Exteriores de Espanha, em carta datada em Madrid aos 26/08/1986, em que afirmava compreender o interesse das pretensões e indicava que, para que prosperasse essa proposta «exige que sea la Xunta de Galicia la que plantee esta iniciativa a través del Delegado del Gobierno, con una propuesta formal [...] un organismo de carácter privado como el que usted encabeza debe de encontrar en el ámbito autonómico un valedor útil» para uma iniciativa como aquela, que assumia o Galego-Português; e a Xunta estava no Galego-Castelhano.

de Castelao e Feijó a respeito da língua, em «**Castelao e Feijó**» (29/05/1986), em que assinala: «a doutrina de Feijó sobre a latinidade do galego e a galeguidade do portugués é unha doutrina de absoluta vi- gência» e como «o seu fundamento histórico» induz Castelao a defender a «necessidade de unha aproximazón e confluência linguística de Galiza e Portugal, exposta na forma mais radical na famosa carta a Sánchez Albornoz» e leva-o a afirmar «que o galego é unha língua extensa e útil, porque con poucas variantes se fala en Portugal, en Brasil e nas colonias portuguesas. Con ela podemos comunicarnos, di Castelao, con mais de setenta millóns de almas. Hoje, candia menos duplicaría a cifra»<sup>24</sup>. Re- prova Carvalho a «tendência registada en certos meios culturais a rees- crever politicamente o que historicamente está escrito», rejeitando assim manipulações interessadas e o risco de uma «nova edizón normati- zada» do escrito por Castelao. «**Oficialidade subalterna**» (13/07/1986) está em diálogo com «O galego, obxección de conciencia» (15/10/1983, ver supra), a respeito do recurso do Governo do Estado espanhol contra a Lei de Normalización Linguística. Afirma:

a fórmula do bilingüismo oficial é inestável e insegura [...] A doutrina que non admite dentro das nacionalidades históricas unha cooficialidade alternativa, senón unha cooficialidade subalterna con referéncia á lingua nacionalitária, modifica realmente o concepto de cooficialidade legal, substituindo a cooficialidade por unha tolerancia da lingua non estatal para aqueles que voluntariamente decidan usá-la.

Valoriza que «o fallo ditado non foi o procedente», reprovando os «obsequiosos conformistas», que não o consideraram assim, pois julga ser «lamentável para o prestígio do galego». Conclui que «O cas-

---

<sup>24</sup> Salienta ser Feijó, onze vezes citado em *Sempre en Galiza*, um dos produtores em que mais se ampara Castelao para alicerçar a sua doutrina de política linguística. Também destaca como assumia a proposta de Menéndez Pidal sobre a diversa evolu- ção do protorromance hispânico, mas discrepando dele com a denominação de espanhol que Pidal aplica ao castelhano.

tellano está ben protegido como língua hegemónica no ordenamento constitucional, e unha nova limitazón aos dereitos da língua galega non fai mais que reforzar o desequilibrio na convivencia da lingua A coa língua B no já limitado ámbito histórico e social en que a concorrência se produz». Em «**Bóveda e a oficialidade do galego**» (15/07/1986) dá testemuño da intervención de Alexandre Bóveda na Assembleia de Concelhos organizada en Santiago en decembro de 1932, a respeito de una polémica sobre a oficialidade da língua galega<sup>25</sup>. São dois artigos em que emerge o RCC político, e no primeiro deles também o especialista em Direito que também era. Em «**Adefésios**» (30/08/1986) defende ter usado corretamente este termo numa recensão, por mais que talvez não coincida com as recentes abonações do DRAE e outros dicionários espanhóis a respeito do significado. Em «**Por un i mantemos o galego ou aceptamos o castellano**» (23/09/1986) recenseia o estudo «As formas ‘proibidas’ nos Precusores, nos Grandes Mestres e nas Gramáticas do século XIX», de Joám Carlos Rábade Castinheira, incluído nas *Atas do I Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza* (AA. VV., 1986: 469-520). Salienta como nesse trabalho «se estudan as formas non admitidas hoje no uso burocrático curial, que aparecen no entanto nos nosos escritores do Resurgimento» e põe em destaque os sufixos —*tionem* e —*sionem*, que tinham pasado para galego como —*çom* e —*som* «con absorzón do i da desinência orginária», e assim apareciam em Pondal (v. gr. «redenzón» e «nazón» no poema que se utiliza como hino galego) ou Rosalia de Castro (de quem cita vários casos). Alude também a como no Galego-Castelhano «Por falta de pulo restaurador e sobra de mansedume perante os feitos consumados, a ortología decretal manten ese i dos castellanismos, como o de

---

<sup>25</sup> Salienta assim as duas efemérides: os cinquentenários do plebiscito do Estatuto de Autonomia de 1936, e da morte de Alexandre Bóveda esse mesmo ano.

Galicia e espácio». Conclui: «Por un i mantemos o galego ou aceptamos o castellano. E se refugamos *Dios e gallego*, tanto tempo vigentes no uso geral, e recuperamos as formas próprias, pouca coerência achamos na reverente, tímida ou acomplexada preservazón dese i, que só aparece no galego cando o galego desaparece como língua de cultura». Insiste em que não é insignificante o que pode parecer um simples *i*, mas uma decisão de relevo para uma maior autenticidade da língua. Em «**As duas bandas da ría**» (03/10/1986) lembra o cinquentenário da morte de Valle-Inclán e o centenário do nascimento de Castelao. Para Carvalho, estes produtores

personifican respectivamente as duas maneiras de conceber o galeguismo literario. Aquel, como galeguismo integrado na unidade superior da literatura española —*regionalismo*. Este, como galeguismo integral e autárquico —*nacionalismo*. [...] Castelao opón-se a Valle-Inclán como a perspectiva do señor se opón á perspetiva do vasalo. Valle escreve para os españois, e Castelao para os galegos<sup>26</sup>.

Frisa assim a ascendência e uma melhor valorização de Castelao, desde uma perspectiva galeguista. O artigo «**Mais sobre Galiza e Galicia**» (03/12/1986) é uma resposta a Méndez Ferrín, quem questionava o uso de «Galiza» e «castelhano» por Carvalho:

o meu crítico admite *Galiza*, mas non *castellano*; e eu admito *castelán*, mas non *Galicia* [...] no momento actual, pois claro está que a miña consciencia do galego non arranca do meu nacimiento. Así que o que queira pode buscar e achar *Galicias* e *casteláns* a eito na miña humilde literatura anterior á presente. [...] Sobre *castellano* (*castelhano*) só quero dicer que o seu uso non procede en min de cega submisión ao portugués. Eu escribo *pena* e *repolo* onde o portugués castelanizou *penha* e *repolho*.

---

<sup>26</sup> Defende que, assim como Manuel António, desde uma posição nacionalista, combateu Valle-Inclán, Castelao «trata de recuperar teoricamente a Valle», defendendo a galegitude da sua obra. Salienta também a «mútua estimazón» entre estes produtores, nascidos nas duas bandas da ria de Arousa.

Esclarece assim a sua posição a quem tinha colaborado com ele no projeto pedagógico de Fingoi, mas que na altura se situava no campo do Galego-Castelhano, como referente de oposição a ele.

Em 1987 RCC presidirá o segundo congresso da AGAL. Esse ano, no artigo «**De máximos e mínimos**» (27/01/1987), num tempo em que prosperava uma nova proposta, denominada de *mínimos reintegrationistas*, em oposição à normativa da AGAL, tenta evidenciar o desacerto da novidade. RCC ressalta como os *mínimos* renunciavam à ortografia histórica, e faziam concessões à morfologia e à fonética; mas essa estratégia não servia para a normalização naquela altura<sup>27</sup>, pois

o galego, por muito que se neorregionalice e mesmo se subcastelanice, non consegue amolecer o duro corazón do idioma do Estado que está disposto a tolerá-lo mentres diga *ata, peche, alomenos e valor engadido* —singularidades inocentes—, mas non a conceder-lle —así se interpreta, tal vez correctamente, a vigente lei— equivaléncia real, no territorio galego, co código lingüístico estatal.

Esta equivalência era a que ele reclamava com as suas propostas. Evidenciava assim a sua oposição àquela estratégia de «mínimos», na qual estavam envolvidos discípulos seus. Em «**Na Puebla do Paxonal**» (27/02/1987) ocupa-se destes topónimos, e outros como Rianxo-Rianjo, Galiza-Galicia ou Pontearreas-Puenteareas. Adverte do perigo da «substitución da fala histórica por un crioulo desmiolado e indecoroso, crianza ilegítima que non saberíamos como apelidar». Finaliza destarte: «para aqueles que consideran arcaizante *Galiza* e non queiran, por condescendência cos disidentes — agora de moda— adoptar o *Ga-*

---

<sup>27</sup> Faz uma comparativa com o tempo do Ditador Fábuis [Quinto Fábio Máximo Verrucoso Cunctator]; e adapta o seu nome como Máximo Cunctátor para designar um suposto seu colega, neorregionalista, que, como aquele, defende o interesse de atuar como «o maior contemporizador» (cunctator=contemporizador) na política linguística na Galiza, com resultados negativos.

*licia* áulico, propomos *Puebla do Paxonal*, sintagma de mui equilibrado bilingüismo, como nome usual da nosa terra». Amparava-se assim também no sarcasmo para argumentar a sua posição, tentando evidenciar o despropósito do Galego-Castelhano. Em «**Áreas e aulas**» (01/03/1987) ressalta a contaminação no galego de um uso errado do castelhano, pois «algúns empregan a gramática castellana para reger a concordância galega, e como, polas razóns indicadas, na lingua cervantina se di e escreve *el* aula, e non *la* aula, haverá que dicer e escrever en galego *o* aula, e non *a* aula». Reclama respeito para a forma galega do feminino, própria da gramática galega. Em «**Castelao e o galego**» (27/03/1987) põe em destaque como

está-se impondo a razoável doutrina de Castelao, con algunhas extravagantes divergências. Só no terreno ortográfico o galego decretal se opón decididamete ao galego histórico, mantendo, por razóns políticas ou pedagógicas que xa é tempo de considerar superadas, un sistema que non é outro que o castellano, o que parece pusilánime sumisión e perpetuación inecesária de unha lamentábel dependência.

Faz assim mais outro apelo para mudar a política linguística. Em «**A narrativa histórica**» (06/05/1987) admite como no tempo da restauração, no romantismo serôdio

foi inevitável que os escritores galegos estivesen marcados pola sua dependência da literatura castellana, que era a que lian desde os tempos escolares e a que lles aprendera a ter por própria a filosofia educativa do tempo. [...] poucas vezes se registan nas nosas letras calcos de correntes e modos vigentes no estrangeiro, que non cheguen peneirados pola reija da literatura castellana.

Recorre assim mais uma vez a um diálogo entre história e pedagogia na sua luta de política linguística. «**Um lobo da serra**» (07/05/1987) é uma parábola entre o acontecido com Curros por causa

do seu conflito com a Igreja católica e a realidade da marginalização do reintegracionismo. Afirma: «hoje mesmo se ditam excomunhões e se excluem do censo ou se incluem no índice pessoas, libros ou condutas que non se atehem ao dogma formulado por pontífices menos autorizados que o doutor dom Cesáreo Rodrigo<sup>28</sup>». Reconhece como passou a ser Curros «unanimemente reconhecido como um dos maiores poetas da galegidade», apesar de aquele conflito, e como podia acontecer portanto o mesmo com o reintegracionismo, de mudar a situação política. Em «**Un galego rendível**» (24/05/1987) reitera que a política linguística «teria que ser radicalmente modificada para contemplar qualquer probabilidade de normalización social da fala do país». Porém, isso era inviável naquela altura, pela defesa firme do Galego-Castelhano por parte da Administração autonómica. Em «**De David a Cuchulain**» (31/05/1987) reclama «vontade nacional», como aconteceu com o hebreu, a antiga língua de David, que se tinha restaurado. Pelo contrário «A mitologia de Cuchulain, o maior herói da saga irlandesa, non logrou semellante éxito» com o gaélico. Questiona por qual desses caminhos enveredará o galego, e para isso «hai que resolver se a nosa é a lingua própria dos galegos, como reza o Estatuto de Autonomia, ou un produto arcaico e folclórico». Como tinha feito com o flamengo, o catalão e mais línguas, apela a outras situações para tentar emendar a política linguística galega. Em «**Ornacina**» (16/07/1987) recomenda mais uma vez um uso correto da língua. Assinala:

A degradazón que experimentou a nosa fala a partir da última etapa medieval, como consecuencia de acontecementos históricos ben coñecidos, apagou na memoria das gentes as denominazóns de muitos conceptos ou objectos pertencentes —non *perteñecentes*, nen *pertenecentes*, como por gralla tipográfica ou por erro lingüístico constantemente lemos— ao vocabulário técnico ou culto, que foron substituídos polos correspondentes da lingua oficial e prestigiosa, a castellana.

---

<sup>28</sup> C. Rodrigo era a autoridade da igreja católica com quem tivera o conflito Curros.

Avisa do uso incorreto de «ornacina» em galego, que tinha visto numa exposição. Insistia assim em que a política linguística promovesse um bom uso da língua. Em «**O galego é útil**» (06/08/1987) ocupa-se de um espaço, com esse título, da TVG. Afirma ser um «imperativo ético» defender que «porque é noso, o galego deve manter-se e potenciar-se», melhor que insistir só no conceito da utilidade. Serve-se da autoridade de Castelao, mais uma vez, na defesa dos seus posicionamentos, o que o leva a ressaltar:

O caso do galego non é o caso do gaélico, ou do éusquera, ou o do rumanche, ou o do catalán, e muito menos do bable asturiano ou o da fabla aragonesa. É o caso do castellano, que ao transformar-se en español, como o galego en portugués, se reafirma e se multiplica nas diversas formas do sistema. [...] Isto é o que quería dicer e dixo Castelao ao dicer que o galego ‘é un idioma extenso e útil’.

RCC reproduz diversos argumentos utilizados por Castelao e julga um acerto que «nunha matéria de política linguística, Castelao apresenta argumentos políticos», que era o caminho que ele defendia para a normalização e normatização da língua, como vinha expondo nos seus artigos jornalísticos. Em «**Aberturas e cerrazóns**» (08/09/1987) contesta o «servil decalco abusivo» de termos castelhanos, e reclama a «abertura de un diálogo que eventualmente corrija os presuntos excesos de unha política lingüística supostamente uniformada». O uso sistemático em galego de «peche» pelo «cierre» castelhano é uma das incorreções que combate mais uma vez nas páginas do jornal.

Em setembro de 1987 o político socialista Fernando González Laxe preside um novo governo autonómico. RCC, no artigo «**Un galego rendível, é dicer, económico e competitivo**» (19/11/1987), chama a atenção para como se estavam a normativizar de modo não adequado produtos de clássicos galegos, segundo a proposta do *Decreto Filgueira*.

Defende que, «se o galego se vai escrever sempre coa ortografía do castellano», será difícil convencer as persoas reticentes do seu uso, pois num mundo cada vez mais internacionalizado não verão a sua utilidade e preferirão adotar o castelhano. Lembra que «unha política inteligente de fomento do galego, que é obriga dos nosos governantes por império da lei, e non somente por moral exigência de mantimento do que é historicamente noso [...] é infantil pretender que pode ser competitivo un galego que non se modernice en contacto coas suas formas mais progresivas e internacionais». Questiona com este comentário uma política linguística orientada «a isolar o galego do portugués». Interpela assim o novo governo autonómico galego para uma mudança da política linguística. Em «**A lei de bronce da cooficialidade**» (12/12/1987) indica que «Por vezes pensamos que na realidade política actual, polo que di respeito á liberdade e á igualdade das línguas cooficiais na Galiza, a doutrina que os representantes do Estado pugnan por impor, é unha especie de lei de bronce da cooficialidade». Faz assim um paralelismo com a doutrina da lei de bronze dos salários, de David Ricardo e Ferdinand Lasalle, e propõe um relacionamento mais igualitário entre as duas línguas cooficiais na Galiza, por causa da situação de inferioridade em que se mantinha a galega.

RCC foi distinguido com o Prémio Nacional da Crítica em 1988 (Redação de LVG, 17/04/1988) por *Scórpio*, um reconhecimento do seu valor literário, que acrescentava o seu capital simbólico e representava uma abertura a respeito do reintegracionismo, que favorecia sem dúvida o novo tempo político. Esse ano publica no jornal, em janeiro e fevereiro, 6 artigos sobre política linguística, com os quais tenta influir nessa questão. Ocupa-se de «**Democracia e burocracia**» (02/01/1988); «**A literatura**» (07/01/1988); «**O ensino**» (12/01/1988); «**O galego administrativo**» (28/01/1988); «**A posta e a resposta ou o imoral e impos-**

sível» (06/02/1988) e «**Política lingüística: memórias dun esquelete**» (12/02/1988). O título deste último evoca o de uma narrativa de Castelao. Nele sintetiza as principais medidas que propugnava. Defende uma nova política lingüística com «unhas bases de conduta para os organismos e autoridades competentes que poderían levar-se a cabo con oportunidade gradual». Assim, diferencia actuacións para a literatura, em que não se aplicasse «nengunha discriminazón» por causa da normativa no respeitante a «subsídios, premios ou adquisición de obras». Para o ensino propõe diálogo e «procurará-se unha coordinazón que deixe a salvo os critérios científicos concorrentes. Os acordos terán carácter de recomendazóns». Para a burocracia administrativa, que «seguirá con cuidado a evoluzón dos usos lingüísticos no campo da literatura e da práctica docente, para introducir no momento adecuado na prosa burocrática as reformas que parezan indispensáveis». E aínda a respeito da regulamentación, propõe: «Derrogarán-se as disposicións e aboliran-se as prácticas que eventualmente se revelasen contrárias ao principio da liberdade legítima, e orientadas a forzar unha soluzón ríxida e coercitiva dos problemas presentes, ou a penalizar de modo explícito ou encoberto a conduta lingüística que discrepase de un modelo de comportamento inflexível». Na reprodución deste artigo no libro *Do Galego e da Galiza* acrescenta-se este parágrafo: (Carvalho Calero, 1990: 85): «Estes principios deberían inspirar a política lingüística de um Governo que se apresentou como de progreso e renovaçom, se nom se descubriu que na matéria que examinamos deseja continuar os jeitos do Governo que derrubou mediante um voto de censura. Todos os partidos políticos que hoje componhem a Junta propugnavam desde a oposiçom umha reforma da política lingüística». Acrescenta —no jornal e no livro— que «Seria mui negativo para o prestígio dos mesmos —na nosa humilde opiniõ— que as esperanzas que provocaron, e de cujo cumprimento houvo evi-

dentes síntomas no comezo do mandato, fosen relegadas ás quendas gregas». Perante a possibilidade de que a mudança de atitude se devesse porventura a uma «obediencia executiva de alarmes exteriores», concluí cuestionando:

¿Quen goberna na nosa terra? A nosa terra ¿non é nosa? Aqueles que creen representar a tradición galeguista e o pensamento de Castelao, ¿non poden esperar outro porvir que seren empurrados ao cemiterio de disidentes, [a]gora que se esborrallaron os muros que o separaban do camposanto de católicos? Talvez alí, se conservan un ollo de vidro, podan escribir a parte prometida e non realizada das *Memorias de un esqueleto*.

Finaliza así unha síntese da política lingüística que propugnava, para que tomasse nota o novo Goberno autonómico, e que se tivesen en conta a súa experiencia e autoridade. Evidentemente, non a tomou.

En 1988 manteve-se na mesma liña, de firme defensa da súa proposta reintegracionista. No artigo «**Esgrévio**» (17/04/1988) reclama o verdadeiro significado deste termo, como «seco, duro, árido, escabroso, rudo», non para «designar unha persoa digna, nobre, elevada», quer dizer «egrégia», como utilizavam algúns produtores nunha publicación de homenaxe a Otero Pedrayo. Subliña como o autor ourensano si tiña utilizado con corrección esa palabra. En «**Norma e medida**» (18/05/1988) discorda da maneira como se estaba a utilizar o *Decreto Filgueira* para normativizar textos literarios, mesmo de produtores mortos antes da súa promulgación, como Otero Pedrayo, de quen cita a aplicación a *Bocarribeira*. Discrepa da «rigidez na aplicación da lei»; indica que lle fai lembrar a narrativa *1984* de George Orwell, e concluí: «¿Non parece isto un exceso de zelo? A submisión a calquera norma ¿non exige límites prudenciais e medida discreta?». Serve-se

assim das páginas do jornal para deixar constância de mais um protesto contra o que julga excessos da política linguística vigorante na Galiza. Em «**Reflexos televisivos**» (28/09/1988) dá a sua aprovação à TVG por

preencher os ocos da nosa língua consultando a língua irmá [a portuguesa], filla ou variante da própria. E só é de sentir que de por parte caía con frecuencia en castellanismos morfológicos, dialectalismos excesivamente localistas, vulgarismos ou arcaísmos superados, caprichosos ou excluintes, amén de neologismos imaduros, que non parecen felices arbítrios en prol do progreso da nosa fala.

Destaca assim acertos no proceder de especialistas que se ocupavam da língua na TVG, mas alerta para que se esmerem mais, para ultrapassarem outros erros e para usarem um galego mais correto. Em «**Otero Pedrayo, liberal**» (11/10/1988) defende, com Otero Pedrayo, relatando uma anedota de interesse biográfico para ambos num ato público celebrado na década de 1930, que «Non é imaginável un galeguista que non seja un liberal», reclamando esse liberalismo para a política linguística. Em «**Unha aguxa nun paxar**» (18/10/1988) ocupa-se da galeguização do nome do espaço de Santiago de Compostela conhecido como El Pajonal. Contesta a proposta de galeguizá-lo como O Paxonal e propõe como alternativa mais apropriada Restolhal ou alguma variante. Reitera que não se deve galeguizar todo *j* castelhano por *x* galego, pois isso conduciría a disparates como ojo-oxo; ajo-axo; pareja-parexa; conejo-conexo, e mais. Reprova que se tivesse galeguizado Pajares, apelido do reitor da USC, como Paxares. Assinala que se deve tomar de conta o étimo latino e reclama «responsabilidade indispensável» e não cair em «calcos servís» ou «caricaturas aberrantes». Ele vencerá nesta batalha, pois o nome que o Concelho de Santiago de Compostela oficializou para este espaço foi o de Restolhal.

No derradeiro ano da súa colaboración no jornal, em «**¿Quen foi Otero Pedrayo?**» (06/01/1989), assinala: «Otero, como todos os homes de Nós, tiña da historia lingüística de España unha visión formada sobre os estudos de Menéndez Pidal. Así, antes da guerra manifestou moitas veces que a Galiza e Portugal falaban a mesma lingua, ou que, tendo-se distanciando lingüísticamente, deberían voltar á unidade». Isso contrastava con a súa actitude após a guerra, em que aderiu aos defensores de que galego e portugués tiñan sido a mesma lingua, mas o galego era agora «língua de seu». Repara ao mesmo tempo em que «Mais chamativa aínda é a súa práctica lingüística», pois fronte à publicación de narrativa exclusivamente em galego antes da Guerra de España de 1936, no período posterior publicou 7 títulos em castelhaño e só um em galego, e cuestiona por que Otero non se resistiu à presión do castelhaño, o que difere do discurso canonizador que tiña utilizado no jornal sobre Otero desde a década de 1970. Em «**Unha lingua competitiva**» (28/03/1989) reivindica que «A defensa da lingua galega exige, pois, unha política firme de subvención jurídica e social [...] entón hai que privilexiar o uso do galego. Non facé-lo, é abandoná-lo á súa sorte. E se non se lle aporta competitividade, neste mundo de hoje tan competitivo, a súa sorte non podería menos de ser unha sorte negra». Desenvolve ideas que tiña utilizado num artigo anterior noutro jornal (Carballo Calero, 30/04/1988) valendo-se de um paradoxo de Zenão de Eleia: Afirma que Aquiles sería o castelhaño e a tartaruga o galego e, numa corrida entre ambos «a tartaruga nunca alcanzará Aquiles se non a dotamos da enerxía mecánica necesaria, provendo-a, cando menos, de un moderno motor de explosión». Acode assim a uma figura da filosofía grega, do século V a. C., para reclamar uma nova política que potenciase a lingua. «**Dos anos aos freixos**» (11/04/1989) será o primeiro de três artigos sobre galeguización dos nomes, apelidos e to-

pónimos, que continuará em maio. Assinala como no período da restauração borbónica se acelerou um processo pelo qual

A toponimia e a antroponímia, já desde a Renascença inicialmente deterioradas, sufreron a deturpazón dos normativizadores, que de acordo co sentir da oligarquía gobernante, tiñan como norma lingüística o castelán, e castelanizaron canto podían o galego que lles era difícil substituír, o galego dos nomes de lugares e de pesoas, que non tiña doada equivalencia na lingua oficial, ou os rúbulas das oficinas non llas coñecían.

Em tempos máis próximos, acrescenta, quando «se pujo de moda un proceso de enxebrizazón, houvo escritores que modificaron patrioticamente os seus nomes». Assim, Ángel Fole derivou em Ánxel Fole, mudando *g* por *x*, apesar de que a forma mais correcta sería Ângelo (ou Anjo). Também cita Freijanes, que se galeguizou como Freixanes, aquí com um correto uso do *x*, mas incorporando um castelhanismo morfológico, pois a forma galega apropiada sería «Freixáns». Conclui que *Ánxel* e *Freixanes* «son formas mestizas, que non dan ao César o que é do César, nen a Deus o que é de Deus», amparando-se assim na Bíblia para argumentar. Em «**Ditongos e jotas**» (14/05/1989) ocupa-se de Figueiroa-Figueirua-Figueroa/Higueruela; Maceda/Manzaneda, Feijó, Freixo/Freijo, Sotelo/Soutelo, e mais. Ressalta a diferença da pronúncia de *j* em castelhana e em galega. Alude a incorreções derivadas da ignorância por parte do funcionariado da significación de palabras galegas para a adaptación das mesmas ao castelhana. Valoriza: «Toda a filosofía lingüística dos poderes civil e eclesiástico supuña o menosprezo do idioma natural do país, e facía o uso do mesmo incómodo e ingrato», por mais que não houvesse legislação que impedisse o seu uso privado. Salienta resultados desse processo de castelhanización naquela altura, como nos apelidos de um conselheiro de Junta da Galiza, [Santos] Oujo/Ouxo, e do presidente da Xunta da Galiza, Fernando González

Laje. Defende que Laxe deve escrever-se em galego com «j etimológico»; o mesmo que Oujo, o que coincide com a «ortografia histórica». Destaca também o caso de Eijo, que deveria ser Eixo, e foi castelhanizado seguindo um processo contrário. Em «**O que vai de jota a jota**» (19/05/1989) esclarece a fortuna do castelhano, que de ser «paradigma e modelo de todos os mais bárbaros vulgares que en España se falaban» conseguiu prosperar e impor-se a maioria das falas hispânicas, exceto o galego e o catalão, as mais distantes do seu centro de atração. Valendo-se do saber do Campo Científico, da História da Língua, frisa como aquelas falas a que se conseguiu impor ficaram «praticamente extintas, ou reducidas, no mellor dos casos —e son os do astur-leonés e o navarro-aragonés— á condición de reliquias mui profanadas e confinadas, ainda que non lles faltaran nen lles falten cultivadores literários e mesmo favorecedores políticos». A respeito da situação da língua da Galiza, acrescenta:

Castellanizada a nosa nobreza na Idade Moderna, e a nosa burguesia na Idade Contemporánea, o galego popular, ainda que se sustivo nas suas estruturas fundamentais, deixou de ser língua escrita, e cando humilde, tímida e precariamente pugnou por reconquistar a expresión gráfica, viu fundamentalmente perturbada a sua ortografía pola do único idioma oficial, a qual, sendo primitivamente mui semellante á galega, como o era o fonetismo, variou ao afastar-se do originário fonetismo hispânico, e no século XVIII, finalmente, reorganizou o seu sistema de acordo con a nova situazón.

RCC lembra na continuação como foi o processo de restauração da língua da Galiza, desde Sarmiento ou o *Album de la Caridad*, e centra-se especialmente no uso de *g-j-x*, reiterando argumentos que já tinha exposto no jornal. «**Liberdade ¿para que?**» (06/06/1989) é um dos artigos centrais de RCC sobre política linguística e literatura. Reprova as exigências de adaptação à normativa que se implantou com o *Decreto*

*Filgueira* em 1983 e as dificuldades para a discrepância com a mesma, por causa da marginalização no acesso a publicar ou a ajudas oficiais. Rejeita imposições de léxico, morfologia e ortografia por causa da «teima normativa», que dificultam a liberdade de inspiração e de expressão, «Muito dirigismo é este», assinala, para concluir reivindicando respeito para a «exercitazón do libre alvedrio». Mantém assim a linha de defesa de liberdade de produção literária e a oposição às limitações derivadas do citado *Decreto Filgueira*. Em «**O cavaleiro inactual e o hortera vilipendiado**» (26/08/1989) trata das mudanças semânticas, de termos como «gallego» no *Diccionario* da Real Academia Espanhola; ou «cavaleiro», que significava

home que anda a cavalo; cavalo, palabra que tanto en galego non castelanizado como en todas as demais linguas románicas, con excepción do castelán moderno, se escribe con v, como o leitor —se conto con el— pode comprobar nun manual qualquer de lingüística románica. Por exemplo, en sardo, italiano, sobreselvano, provenzal, portugués, francés, catalán, dálmata, engadino, picardo, normando, suditaliano, etc. Somente a ortografía galega regulada polo Decreto de Unificazón segue docilmente ao castelán nesta singularidade, e escribe *cabalo* con *b* de Babiaca.

Esse seguidismo do castelhano e afastamento das outras línguas românicas por parte do Galego-Castelhano era um exemplo da assimilação e substituição do galego. E processo semelhante estava a acontecer com «hortera». Usa de novo o termo do tempo do franquismo «Decreto de unificación» para se referir ao *Decreto Filgueira* e aponta mais erros na normativa ortográfica e morfológica derivada deste decreto autonómico, e como introduzia na língua galega castelhanismos desnecessários. Em «**Ouvir e ler**» (18/11/1989) assinala que para o castelhano «cohecho» era mais apropriado em galego «soborno» ou «suborno» e não «cofeito», como tinha deparado na comunicação social.

E «secuestro» devia manter-se em galego, e não substituir por «secostro», indicando serem casos semelhantes zarzola-zarzuela ou seconcia-secuência, pois figura «ue» no étimo latino. Para «fallo» de um tribunal desaconselha «faio» em galego, que tem equivalência a «faiado» e defende «*sentenza* (ou *senténcia*)». Reitera assim a sua preocupação por um uso correto da língua na comunicação social. Em «**Ditongos e monotongos**» (27/11/1989), o derradeiro artigo sobre política linguística no *La Voz de Galicia*, afirma que «A língua non é património exclusivo dos linguistas» e como pode chegar a ser «normativo o que non hai muito era anormal». Exemplifica com vacilações e modificações na conjugação castelhana do verbo *asolar*.

### **Imobilismo, progressos e retrocessos.**

Ricardo Carvalho Calero faleceu em 25/03/1990. Esse ano aprovou-se em Lisboa um Acordo Ortográfico para a Língua Portuguesa, num encontro internacional que contou de novo com representantes da Galiza, José Luís Fontenla e António Gil Hernández. Foi um acordo que demorou em ser aplicado, mas está a vigorar. Em 1990 também organizou a AGAL<sup>29</sup>, em homenagem a RCC o *III Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza* (Henríquez Salido, 1992). O imobilismo caracterizou a política linguística da Galiza a respeito da codificação do galego desde o *Decreto Filgueira* de 1983, pois mantém um cânone na linha do Galego-Castelhano. Houve alguns avanços, como a aceitação de «Galiza», como defendia RCC, no ano 2003. Fora do âmbito da Administração Autonómica, e apesar dos entraves e dificuldades, a doutrina de RCC tem prosperado com acontecimentos orien-

---

<sup>29</sup> Desde 1991 e até aos primeiros anos do século XXI a AGAL comemorou em março o aniversário da sua morte e reivindicou a atualidade do seu legado, com ofertas e atividades académicas.

tados para aproximar as línguas e as culturas da Galiza e da hoje conhecida como Comunidade de Países de Língua Portuguesa (CPLP), com envolvimento de entidades da sociedade civil e alguns reservados apoios institucionais.

Assim, entre 1990-2016 a Câmara Municipal de Ferrol (que, em vida, em 07/01/1990 o tinha designado filho predileto) convocou o prémio Carvalho Calero, de investigação e literário, sem discriminações normativas. Em 1991, o de pesquisa foi para um estudo de Montero Santalha (1993), que estuda a biografia, trajetória e produção de RCC. Infelizmente, este prémio foi eliminado, renunciando assim os seus promotores a uma eficaz promoção de RCC, do galego e de Ferrol.

Em 31/10/1991 foi assinado (Lago García, 2009) o acordo entre Espanha e Portugal para constituir uma Comunidade de Trabalho Galiza-Norte de Portugal. Este organismo, promovido pelos dois Estados ibéricos, como reclamava Carvalho (07/07/1981, ver supra) não teve, no entanto, influência na política linguística galega, como ele ansiava.

Em 1990-1994, no tempo de Ramón Villares como reitor da USC, organizou-se a Cátedra Unesco de Cultura Luso-Brasileira. A primeira diretora foi a professora Pilar Vázquez Cuesta, e depois o professor José Luís Rodríguez. Entre as atividades desta Cátedra merece destaque, em 2000, o simpósio *Brasil 500 anos depois* (AA. VV., 2002), coordenado por José Luís Rodríguez.

Desde fevereiro de 1990, Manuel Fraga presidiu o Governo autonómico da Galiza. Nos 15 anos que serviu no cargo não se produziram avanços na linha do reintegracionismo da língua da Galiza, e houve continuidade na orientação impingida no Decreto Filgueira, em 1983. Entre as atividades de Manuel Fraga merece salientar-se a visita que realizou em novembro de 1992 ao papa João Paulo II para entregar-lhe a Medalha da Galiza. Segundo a crónica do acontecimento publicada

por *La Voz de Galicia* (Villamor, 14/11/1992), Fraga pediu permissão para falar a língua galega e, quando o escutou, o papa reconheceu que “es como el portugués”<sup>30</sup>.

Em outubro de 1993 o eurodeputado galeguista José Posada começou a usar a língua galega no Parlamento Europeu e defendeu essa posição num relatório perante o Intergrupo de Línguas Minoritárias, recolhido na íntegra na revista *Agália* (Posada, Outubro 1993). Também a *Agália* (número 40, Inverno 1994) recolheu as cartas entre Posada e o Presidente do Parlamento Europeu, Egon Klepsch, datadas em janeiro, fevereiro e maio de 1994, sobre esse mesmo assunto, reconhecendo Klepsch a língua falada na Galiza como uma variante do português e aceitando o seu uso. Esse caminho foi seguido anos depois por mais representantes da Galiza no Parlamento Europeu.

Em junho de 1994, com ensejo de ser Lisboa a capitalidade cultural da UE, celebrou-se nessa cidade o (Alonso Estraviz, Verao 1994) *I Encontro sobre Língua e Cultura Galega: O Português, Língua da Galiza*, que promoveu a AGAL e teve projeção na comunicação social portuguesa. Em setembro desse ano, a USC suprimiu a especialidade de Filologia Galego-Portuguesa, e diferenciou entre Filologia Galega e Filologia Portuguesa, em duas novas titulações. Nos anos finais do século, um grupo de docentes de Filologia Portuguesa e jovens do quadro de estudiantado do doutoramento começaram a constituir na Faculdade o Grupo de Investigação nos Sistemas Culturais Galego, Luso, Brasileiro e Africanos de Língua Portuguesa (Galabra), formalizado em 2000, que na atualidade funciona como Rede Galabra, com grupos formal-

---

<sup>30</sup> Também os sucessores de Fraga (Emilio Pérez Touriño, Alberto Núñez Feijoo e Alfonso Rueda Valenzuela) deram continuidade ao Decreto Filgueira. A respeito do “insólito” lusismo evidenciado por Fraga Iribarne, e mesmo pelo ditador espanhol Francisco Franco, vale a pena ler o trabalho que lhes dedicou Ernesto Guerra da Cal (1994).

